



Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel  
Rúa Bolaño Mendo s/n, 4º ; CP: 27640, Becerreá (Lugo)  
Teléfonos: 982.360.824 // 606.035.964  
gdr5ancarescourel@gmail.com  
<http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>



***REUNIÓN DE PROPIETARIOS/AS DE  
TEITADOS DE PALLA DA MONTAÑA LUGUESA***

***ANTIGA ESCOLA DE PIORNEDO DE ANCARES***

***Venres 29 de xullo de 2011; 18.30 horas***

Convocados pola Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel (ou GDR), para debatir sobre a problemática de conservación dos teitos de palla da zona da montaña lucense, reunímonos na antiga escola de Piornedo de Ancares, o venres 29 de xullo de 2011 ás 18.30 horas:

- 25 persoas propietarias de pallozas, hórreos e palleiros teitados de palla de Pedrafita do Cebreiro, Cervantes e Becerreá.

8 persoas da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro e Becerreá, excusaran previamente a súa asistencia e non asistiron á reunión, pero deixaron constancia no GDR do interese nas conclusións que se obtiveran e en seguir en contacto e traballando polo obxectivo de conservar esta forma de teitado.

- 2 persoas dunha empresa que teita con palla.
- O presidente, a coordinadora e unha vogal da directiva da Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel.

A reunión iníciase falando dos principais problemas para a conservación das pallozas. Fálase tamén das subvencións no marco do Programa Leader 2007 – 2013 para a restauración destes elementos, e proséguese con diversos temas que van xurdindo na conversación. A continuación recóllese máis en detalle.

## **DEBATE E CONCLUSIÓN:**

### ***...sobre os problemas xerais de conservación.***

O estado de conservación das pallozas é moi variable. Hainas teitadas de palla que precisan de mantemento habitual; hainas sen teito ou tapadas con chapa metálica ou outro material; outras están sen teito de palla e nin sequera teñen estrutura de madeira, e outras están só cos muros e perderon a estrutura de madeira e o teito.

Moitas persoas critican aquelas chapadas con chapa, pero estamos de acordo que, se non se da conseguido teitar de palla, é mellor telas tapadas que chovendo por elas, xa que entón si que se estragarían máis. Xente de Vilarello, por exemplo, expón que están fóra e veñen de vez en cando; e non poden estar seguido controlando os teitos.

Pero considerando as pallozas en mellor estado e que seguen teitadas hoxe de palla, teñen moitos problemas de conservación debido á falta de mantemento. En Piornedo, por exemplo, cuxos teitos se repuxeron hai uns 12 anos aproximadamente, e que tiñan axudas para o mantemento anual das mesmas,

agora xa non as teñen e moitos dos teitos están en grave perigo de conservación, posto que comezan a verse as costelas de madeira sobre a palla.

As pallozas e palleiros teñen os muros de pedra, a estrutura de madeira (basicamente rebola) e o teito de palla. Todos/as estamos dacordo en que o principal problema de conservación está no teitado de palla. A estrutura de madeira non da problemas, salvo en pallozas moi grandes que precisan de grandes vigas. O muro de pedra tampouco supón problemas.

Os problemas principais para o teito de palla son:

- Apenas hai palla válida para teitar.
- Nos pobos non queda xente que teite; quizás si poidan facer algo de reposición onde hai faltas polo aire, pero non un teitado grande.
- Sae moi costosa a man de obra do teitado.

Imos ver estes problemas ao detalle.

### ***...que palla é a que vale para teitar?***

Ten que ser palla de centeo longa (1 metro) para poder facer os brincallos e que quede mellor amarrada, e dura, para que non se machaque co peso.

A mellor palla dise que era a que se botaba no monte, naqueles terreos que se tiveran en descanso algúns anos.

Debatemos sobre se é diferente variedade de centeo ou se é a mesma que se utiliza en Castilla. A maioría pensa que é a mesma variedade, solo que nas zonas altas a palla crece máis. Ao centeo gústalle as zonas altas, e o bó sería poñelo sobre os 1.200 metros de altitude ou máis, para ter boa palla. Outras persoas opinan que é unha variedade diferente, propia desta zona.

Débese coller o pan cando o grao e a palla están maduros (a palla estará máis dura e seca). Senón, a palla ao seguir con humidade, dobrará ou romperá ao manexala, ou co peso do teito. Tamén pode ser incluso que pudra. Se collemos a palla así, incluso pode gardarse dun ano para outro nun lugar seco e teitar noutro ano distinto de cando se recolle.

A sega debe facerse a man ou con máquina segadora de xeito que non se machaque moito, para non estragala.

Despois de apañala hai que desgranala. Este non é traballo doado, posto que non valen as máquinas modernas de malla nin moito menos as cosechadoras. Antiguamente mallábase ao pao, e esta é a mellor maneira de ter unha palla de calidade para teitar, pero da tanto traballo que é impensable que hoxe poidamos mallar deste xeito. Hai varias máquinas, como as malladoras antigas de volante, ou algunha desgranadora, que poden axiliza-lo traballo, aínda que machaquen máis palla.

Despois vén escolle-la palla. Débese desechar aquela rota e a corta, outras herbas que veñen no medio, etc. Quedámonos así con mollos de palla escolleita, que podemos gardar nun lugar seco para teitar no seu momento.

### **...o problema dos ratos.**

Moitos/as dos asistentes comentan que se non se desgrana ben a palla, despois pode darse o que xa se deu en Piornedo no seu día, que é case que unha plaga de ratos. Varias persoas comentan que os ratos buscan o grao na palla, e para elo incluso fan buratos e roen palla e fan moito estrago nos teitos, ademais do perigo que supón a nivel sanitario.

Algunhas persoas comentan que antes non había tanto rato porque non iba tanto grao na palla. Pero outras, din que o principal problema dos ratos en Piornedo, por exemplo, foi cando se fixo a restauración completa, hai 12 ou 13 anos. Agora, cada vez van a menos.

### **...canta palla fai falta?**

O bo é poñer 40 ou 50 cm de grosor de palla, tanto nas pallozas como hos hórreos e outras construcións. Co paso do tempo, este grosor vai baixando e apelmazándose e no serve tanto de aillante. Ao cabo de 15 ou 20 anos, ten que terse repostado todo o teito porque senón, choverá por dentro.

Dependendo da construción que sexa, a pendente do teito e a superficie total, precisará máis ou menos cantidade de palla. En pendentes máis fortesponse menos cantidade, e en pendentes suaves máis.

Segundo comenta a empresa que fai restauracións, polo xeral fan falta uns 50 ou 60 Kg de palla xa desgranada e escolleita, por cada metro cadrado de teito e 40 ou 50 cm de grosor. Para un hórreo de 20 m<sup>2</sup>, precisarase 1 tonelada. Para unha palloza de 300 m<sup>2</sup>, fará falta pois 15 toneladas de palla xa escolleita. A superficie de sembrado podería situarse nas 2, 3 ou 4 ha dependendo do sitio.

Como referencia outros veciños e veciñas dan a referencia dun camión de palla para unha palloza.

Veciños/as de Pedrafita do Cebreiro comentan que para cubrir un hórreo fan falta 200 colmos de palla, o que equivale a sembrar 2 ha. Algúns din que esta cifra varía moito, e que depende moito do terreo que sexa e o ano que se dea.

Para o mantemento anual, non hai unha cifra aproximada, porque depende todo do tempo que faga no ano en concreto. Cando brea moito (o aire é moi forte), levanta moita palla, sobre todo nas zonas moi expostas, e hai que repoñer máis. Nalgún ano, en cambio, apenas se necesita mantemento.

O caso é ir vixiando e controlando de cando en vez o teito. É mellor sempre repoñer segundo se vexa que hai algunha falta, que non esperar un tempo, porque onde empeza a abrir e irse a palla, se fai aire, cada vez irá a máis o burato.

### ***...cada canto tempo hai que repoñe-la palla?***

Algunhas persoas din que se debe teitar todo xunto; é dicir, renovar o teito completo cada certos anos. Outras persoas, en cambio, opinan que é mellor ir repoñendo o teito por trozos, segundo se facía antes. Así, faise máis levadeiro economicamente, e hai unha actividade constante tódolos anos no teitado, que permitiría teitar con máis tempo e poder aprender a máis persoas a teitar, e manter incluso unha demanda constante de palla, traballadores, etc.

En calquera dos dous casos, se debe controlar e revisar igualmente cada ano e repoñer aqueles cachiños que levante o aire. Isto sería un mantemento anual constante, independente da renovación que se fala no parágrafo anterior.

Sobre o de teitar todo xunto ou por trozos, non chegamos a unha conclusión clara, porque depende moito do caso concreto.

No estado actual, moitas pallozas precisan teitar todo de novo e con urxencia, porque a palla xa caeu ou ben tapáronse de chapa sobre a palla vella para que non chovera por elas.

As que teñen teito en mellor ou regular estado de conservación, pódese ir repoñendo por trozos grandes. As vantaxes deste sistema están en que se leva mellor economicamente, en que se mantén a actividade constante no teitado e incluso se estabilizaría o traballo dos teitadores e a demanda anual de palla. Así non se dependería de grandes proxectos de restauración puntual cada moitos anos, co conseguinte risco de perderse o oficio, senón que se mantería unha actividade constante e estable, con traballo máis constante para os teitadores, que incluso poderían mellorar o traballo e profesionalizarse debido á constancia.

En Lugo actualmente só hai unha empresa que se coñeza que teite e xunte a palla; é dicir, que faga todo o traballo completo. Está ubicada en Piornedo. Existe outra en León, en Búrbia, e se descoñece de máis. Si existen varias persoas que seguen o oficio individualmente en Navia de Suarna, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, ... pero non xestionan a traída de palla. Sábese polas chamadas de teléfono á Asociación, que algunhas persoas da Fonsagrada fan elas o mantemento e teitado de hórreos, sen contratar profesionais.

### ***Propostas e Ideas: ... e se sementamos nós pan para ter palla?***

Debátese longo e tendido sobre a posibilidade de sementar nós centeo para obter palla na zona de montaña.

Hai opinións opostas totalmente. Algunhas persoas pensan que hai moita superficie abandonada, actualmente a monte, na que é posible sementalo e segalo de forma mecanizada.

Outras persoas din que non hai lugares que vaian, debido ás fortes pendentes e dificultades de acceso. Pero sobre todo, non compensaría porque o xabarín estragaría todo o sembrado; incluso o aire e as tormentas poden tumba-lo centeo, co que a palla non valería. Veciños/as de Pedrafita do Cebreiro comentan que iso xa se tentou facer no Cebreiro e que non funcionou.

Algunhas persoas opinan que o xabarín está máis por zonas máis baixas ou zonas verdes, en prados, preto de regatos e en matogueiras altas, pero nas zonas de matogueira dos cumios, onde hai vexetación máis baixa e o sol é máis forte, non se achega tanto nin faría tanto destrozo. Outras persoas din que o xabarín é doado de aullenta-lo con barreiras de ruído e cores, e estando ao pendente de vixia-lo sembrado.

Sobre o de atopar lugares de sembrado válidos, exponse que non nos debemos ceñir á zona alta dos Ancares, senón que se pode pensar de forma extensa noutras zonas da comarca, na Fonsagrada, etc. Pénsase que en toda esta zona non sería imposible atopar un lugar que valera. O centeo quere altura e habería que buscar un sitio alto, a monte baixo de pouca altura.

Sobre se se daría atopado un lugar, sementado e recollido sen moito estrago do xabarín, non se chega a ningunha conclusión que nos contente a todos/as. Pero non se desbota probar, como experimento, cunha pequena cantidade nun lugar concreto; sen pretender que sexa a solución para sempre, só como proba.

Algunhas persoas apuntan tamén a posibilidade de encargar sementados de centeo a agricultores profesionais de zonas altas de Castilla, onde teñen menos problemas co xabarín. Algunhas destas zonas poderían ser no entorno de Astorga, por exemplo.

Decídese que este tema se irá falando nas seguintes reunións.

### ***Propostas e Ideas: ...e se facemos unha mallega e encontro de propietarios/as, como unha gran festa, con talleres de teitado tamén?***

Coméntase facer para o ano que vén unha mallega tradicional entre todos e todas. Moitas persoas comentan que é imposible mallar toda a palla precisa para varios hórreos ou pallozas segundo a mallega tradicional.

Comentamos de facer a modo de festa e encontro de propietarios/as esa mallega, na que tamén habería persoas que saiban teitar, ensinando a visitantes como se fai. Algunhas persoas de certa idade comentan que eles non poden facer ese traballo, pero sí poderían ensinar como facer os brincallos e como teitar a ras do chan, sen estar subidos ao teito.

Algunhas persoas comentan que as mallegas eran moi divertidas porque antes sempre se xuntaba moita xente, e eran lugares de encontro e servían tamén para ligar e bromear os mozos e mozas.

Falamos de mercar palla ou sembrala, encargar a malla a algunha empresa ou mallar nós na festa. Outras persoas comentan de facer un campo de traballo para mozos e mozas.

Danse varias ideas e quedamos en ilas falando nas próximas reunións.

***Propostas e Ideas: ...e se formamos unha asociación de propietarios/as para conseguir cousas para a conservación dos teitos de palla?***

Unha persoa de Pedrafita do Cebreiro propón formar unha asociación de propietarios/as de construcións teitadas de palla, sen ánimo de lucro.

Fálase sobre este tema. Algunhas persoas non teñen ánimo de facer este esforzo, e pensan que debe se-la Administración quen conserve as pallozas e os hórreos de palla porque é ela quen esixe a protección do Patrimonio. Insisten en que a Administración debe sufragar estes custes.

O debate segue en que a forma de dar axudas que se tivo ata o de agora non é coherente nin produtiva. Varias persoas critican as axudas para o mantemento das pallozas na zona de Piornedo. Tamén se critica a cantidade de fondos a que se levan investido a través do Programa Leader dende que este comezou no ano 91, subvencións de Cultura, etc.

Fálase tamén do momento actual de crise económica e da insuficiencia de fondos públicos para moitos proxectos de interese xeral. Será complicado poder acceder a subvencións a alto nivel para restaurar estes elementos, que ao fin e ao cabo, son de propiedade privada.

Todos/as estamos de acordo que se podemos facer algo nós e ir marcando o que se debe facer, sería bó. Así poderíamos controlar que os traballos de restauración dos teitos se fan como se facían antigamente, ou podemos conseguir baixar os custes de restauración, por exemplo, se conseguimos mellores prezos na palla.

Formar unha asociación podería dar vantaxes nos seguintes termos:

- Poderíase negociar un prezo de compra de palla en conxunto para varias persoas interesadas en restaurar teitos de palla, co que quizais se

acadaría un prezo máis baixo; ou mesmo encargar a agricultores/as da zona a palla con antelación suficiente.

- Poderíase tentar mesmo a sementar pan propio da asociación, e facer unha mallega que servira de festa e punto de encontro, e como demostración do traballo artesán.
- A asociación podería servir como dinamizadora da restauración destes elementos, poñendo en contacto propietarios/as, empresas de teitado, vendedores de palla, etc.
- Podería servir como negociadora e para facer presión ante a Administración para solicitar subvencións ou solucións a problemas concretos.
- Etc.

Unha propietaria de Piornedo que reside en Cataluña comenta que no Delta do Ebro existen teitos de palla e que teñen axuda para o mantemento. A asociación podería traballar en esixir este tipo de axudas.

Acórdase iniciar os trámites para constituir unha asociación de propietarios/as de teitos de palla.

As persoas que se ofrecen voluntarias irán facendo un primeiro borrador duns Estatutos para unha asociación de propietarios/as de construcións teitadas de palla nesta zona de montaña. Neste periodo inicial, a Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel colaborará e servirá de punto de encontro, contacto e consultas para propietarios/as que se queiran informar e unir. O borrador de estatutos enviarase por correo electrónico ás persoas que o queiran, e colgarase no blog da Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel.

Posteriormente, a Asociación de D. R. Ancares – Courel enviará unha convocatoria de reunión para constituir a asociación de propietarios/as de teitos de palla. Esta reunión será no mes de setembro.

Esta nova asociación será independente da Asociación D. R. Ancares – Courel, pero a Asociación D.R. Ancares – Courel a apoiará no seu inicio según sexa convinte. Segundo se constituía a asociación de propietarios/as de teitos de palla, as decisións corresponderán aos seus órganos estatutarios (asamblea, xunta directiva, etc.), e as convocatorias as realizará a persoa que se encargue da Presidencia.

### ***Subvencións do Programa Leader 2007-2013.***

A coordinadora do GDR explica que se poden solicitar subvencións ata o 2013 para restauración de elementos de interese patrimonial como hórreos e pallozas. Como requisitos está o que se poidan ir a ver por parte do público xeral, e ter información dispoñible nalgún lugar público, como os puntos de información turística, concellos ou establecementos de turismo, por exemplo. Como

normalmente estes elementos están accesibles por camiños, non soe haber moito problema.

As subvencións sitúanse entre un 30 e un 70% actualmente, dependendo dun baremo con diferentes criterios de puntuación. Pode ser que a normativa cambie, de tódolos xeitos, nos vindeiros meses, e con ela cambie tamén a porcentaxe de subvención.

Para informarse sobre os casos particulares, recoméndase preguntar na oficina técnica da Asociación, cuxos datos de contacto son os seguintes:

Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel  
Rúa Bolaño Mendo s/n. 27640 Becerreá (Lugo). (Horario na oficina de 9.00 a 14.00 horas ou en horario de tarde se se concerta cita previa por teléfono).  
Teléfono: **982 360 824**  
E-mail: [gdr5ancarescourel@gmail.com](mailto:gdr5ancarescourel@gmail.com)